

TEMA 1. AS ORIXES DA FILOSOFÍA

1. O NACEMENTO DA FILOSOFÍA.

A procura de explicacións da realidade non é exclusiva da filosofía. Ao contrario, todas as culturas do mundo senten a necesidade de explicar os fenómenos naturais, a propia vida ou a organización da sociedade, e todas desenvolven respostas diversas a estes interrogantes. No momento no que naceu a filosofía, o xeito no que as persoas explicaban a súa realidade era a través de **mitos**, é dicir, narracións sagradas, protagonizadas por seres sobrenaturais como deuses ou heroes e situadas nun pasado remoto e orixinario, que proporcionaban explicacións sobre o cosmos e sobre o lugar do ser humano neste.

Non obstante, a partir dun determinado momento, os relatos míticos deixaron de ser satisfactorios para algunhas persoas, e isto provocou que xurdisen explicacións da realidade que xa non precisaban de deuses ou causas sobrenaturais, xa non empregaban imaxes e símbolos, senón que precisaban únicamente da **razón** e de causas naturais para dar conta da realidade. Dito doutro xeito, comezáronse a desenvolver respostas ás grandes preguntas do ser humano sobre a realidade e sobre si mesmo que xa non tiñan un carácter transcendente (máis alá deste mundo) senón immanente (dentro do noso mundo).

Esta nova forma de pensamento xurdiu arredor do século VI a. c., de xeito practicamente simultáneo en tres civilizacións distintas: China, India e Grecia. Aínda que nestas tres civilizacións o pensamento adoptou formas distintas, por exemplo, estando as filosofías india e chinesa na súa orixe máis unidas á relixión cá grega, as tres compartiron ese pulo por afastarse das explicacións sobrenaturais da realidade. Destas tres formas de pensamento racional, a que xurdiu en Grecia, máis concretamente nas cidades gregas de Asia Menor, na costa da actual Turquía, é o que coñecemos como **filosofía occidental**, unha empresa intelectual compartida que continúa na actualidade. E podemos sinalar algunhas características da sociedade e a cultura grega que puideron propiciar este nacemento do pensamento filosófico: por

exemplo, as cidades nas que xurdiu a filosofía eran lugares de intercambio comercial nos que se producían encontros con culturas diversas e polo tanto con xeitos diversos de entender a realidade; e a relixión grega, no canto de ter un texto sagrado ao que se lle outorgaba unha autoridade absoluta, baseábase nos relatos de poetas como Homero ou Hesíodo.

2. O PENSAMENTO PRESOCRÁTICO.

2. 1. O PROBLEMA DA *FISIS* E AS RESPOSTAS DOS PRIMEIROS FILÓSOFOS.

2. 1. 1. Cal é o principio orixinario?

Os primeiros filósofos, chamados presocráticos por ser anteriores a Sócrates e por terse ocupado de cuestións distintas ás que formarían parte do pensamento socrático, viviron nos séculos VI e V a. C. Nalgúns casos non conservamos máis ca algúns fragmentos do seu pensamento; noutros, coma no caso de Tales, non conservamos nada e temos que reconstruír o seu pensamento a partir dos testemuños doutros autores. Non obstante, e a pesar das particularidades de cada un, podemos observar que estes filósofos tiñan en común o interese polas cuestións relacionadas coa **natureza**, coa orde no movemento dos astros, na sucesión das estacións ou nos ciclos da vida dos diferentes organismos. Estes filósofos observaron que parecía haber unha lei que gobernaba os cambios da natureza, un principio do que proviñan todos os seres naturais e que permanecía inmutable aínda que nos aspectos superficiais todo estivese en constante transformación. E a busca deste **principio**, denominado *arqhé*, foi a que guiou o pensamento dos presocráticos. Por que a natureza se comporta como se comporta? Cal é, en último termo, a causa que fai que as cousas sexan como son? Detrás do aparente cambio, cal é o principio que dá unidade e sentido a unha realidade en constante transformación?

2. 1. 2. As resposta monistas.

Ante esta cuestión do principio, os primeiros filósofos presocráticos consideraron que o *arqhé* era único, polo que tamén se coñecen como monistas. **Tales** de Mileto, o primeiro filósofo, considerou que a **auga** era o elemento orixinario do que procedían todas as cousas, xa que observou que, por exemplo, o alimento de todas as cousas era

húmido e era a auga o que daba vida ás sementes, tal e como explica Aristóteles na súa *Metafísica*.

La mayoría de los primeros filósofos consideró que los principios de todas las cosas eran solo los que tienen aspecto material [...] En cuanto al número y a la forma de tal principio, no todos dicen lo mismo, sino que Tales, el iniciador de este tipo de filosofía, afirma que es el agua, por lo que también declaró que la tierra está sobre el agua. Concibió tal vez esta suposición por ver que el alimento de todas las cosas es húmedo y porque de lo húmedo nace del propio calor y por él vive. Y es que aquello de lo que nacen es el principio de todas las cosas. Por eso concibió tal suposición, además de porque las semillas de todas las cosas tienen naturaleza húmeda y el agua es el principio de la naturaleza para las cosas húmedas.

Aristóteles, *Metafísica*.

Anaxímenes de Mileto, pola súa banda, considerou que o principio da realidade non era a auga senón o **aire**, xa que, por exemplo, os organismos precisan da respiración para se manteren con vida. Ademais, considerar o aire como elemento primixenio e causa de todas as cousas permitíalle explicar a transformación duns elementos noutros mediante a econdensación e a rarefacción: as nubes, ao condensarse, convértense en auga, e a condensación da auga dá lugar á terra; no sentido contrario, a terra convértese en auga e a auga en aire por rarefacción.

Outro pensador de Mileto, **Anaximandro**, propuxo que o principio non era un elemento coma o aire ou a auga, senón algo que chamou *ápeiron*, **indeterminado**. O *ápeiron* é eterno; todas as cousas saen do *ápeiron* e volven a el nun ciclo necesario que goberna toda a realidade. A sentenza na que Anaximandro fala deste ciclo é o primeiro texto filosófico occidental que conservamos.

El principio (*arqhé*) de todas las cosas es lo indeterminado (*ápeiron*). Ahora bien, allí mismo donde hay generación para las cosas, allí se produce también la destrucción, según la necesidad; en efecto, pagan las culpas unas a otras y la

reparación de la injusticia, según el orden del tiempo.

Anaximandro

Por último, **Pitágoras**, un filósofo orixinario da illa de Samos que fundou unha escola en Crotona, consideraba que o *arqhé* era o **número**, xa que todas as cousas estaban ordenadas de acordo cunha harmonía matemática. Xa que existían relacións numéricas entre todas as cousas, Pitágoras identificou esa causa primixenia, ese principio que dá orde a toda a realidade, non cun elemento material senón co número mesmo.

2. 2. SER E DEVIR: O PENSAMENTO DE HERÁCLITO E PARMÉNIDES.

2. 2. 1. Heráclito e a realidade como devir.

Como xa sabemos, o cambio constante que observamos na natureza foi un dos grandes interrogantes aos que se enfrontaron os primeiros filósofos. Heráclito, un pensador da cidade de Éfeso, adoptou un enfoque novo en relación a esta cuestión: lonxe de considerar que o cambio era aparente e que detrás da transformación da realidade se atopaba un principio inmutable, para este filósofo o **devir** ou cambio é a verdadeira realidade. Segundo Heráclito a realidade é coma un río, que só existe en movemento, e o elemento que mellor expresa a natureza do conxunto do real é o **lume**, que sempre está cambiando.

A orde das cousas non procede logo dun principio inmutable senón da **loita de contrarios**, da oposición entre forzas que constantemente se enfrontan entre si coma nunha guerra. O devir non é a aparencia que oculta a verdadeira realidade, senón que a realidade mesma é devir ou lume que nunca permanece igual.

2. 2. 2. Parménides e a filosofía do ser.

Fronte á concepción heraclíteica da realidade como devir, Parménides propón que o cambio non é real, o aparente devir das cousas non é produto máis ca do engano dos nosos sentidos. Fronte a esta fonte de coñecemento que nos leva á confusión, debemos fiarnos só da razón, que, empregada correctamente, nos leva á seguinte conclusión: **o Ser é e o Non-Ser non é**. O que é non pode deixar de ser, nunca puido non ser e nunca

poderá deixar de ser; o que non é non pode ser, nunca foi e nunca será. Nada pode ter comezo, porque iso implicaría un paso do non-ser ao ser, e o non ser non existe; de igual xeito, nada perece, porque iso implicaría pasar do ser ao non-ser e o non-ser, como xa sabemos, non existe. Para Parménides é inconcibible que o cambio poida darse no **Ser**: este é **eterno, inmutable, único e perfecto**.

Parménides desenvolveu estas ideas no seu poema *Sobre a natureza*, no que unha deusa amosa á alma que vai na procura da verdade dúas posibles vías que transitar para acadar o seu propósito: a da opinión dos mortais, é dicir, a do coñecemento dos **sentidos** que nos leva á conclusión falsa de que a realidade é multiple e cambiante, e a do Ser, que nos leva de acordo coa **razón** ao coñecemento do Ser como único, inmutable, inmóbil e perfecto.

O que pode dicirse e pensarse debe ser, pois existe, pero a nada non existe. Isto é o que che ordeno que consideres, pois esta é a primeira vía de investigación da que intento apartarte, aquela pola que os homes ignorantes vagan [...]; pois a incapacidade guía no seu peito o pensamento errante; son arrastrados, xordos e cegos á vez, estupefactos, xentes sen xuízo, que cren que ser e non-ser son o mesmo e non son o mesmo; o camiño que todos eles seguen é equivocado.

Permanece aínda unha soa vía: que o que é existe. Nela hai moitos signos de que o Ser non é xerado e de que é imperecedeiro, enteiro, único, inmóbil e perfecto. O Ser nunca foi nin será, pois existe agora, todo enteiro, un e continuo. Pois, que nacemento poderías atoparlle? Como e de onde xurdiu? Non che permitirei que nada digas nin penses do que non é, porque non se pode dicir nin pensar o que non é. Pois, que necesidade o impulsou a nacer despois máis ben que antes, se procedese da nada? Polo tanto, é necesario que sexa completamente ou non sexa en absoluto.

Parménides, *Sobre a natureza*.

Estas ideas tiveron un profundo impacto no pensamento posterior, e foron continuadas polos discípulos da escola que Parménides fundara en Elea. Entre eles destaca Zenón,

que tratou de explicar mediante paradoxos a imposibilidade do movemento da que falaba o seu mestre. Un dos paradoxos máis famosos é o de Aquiles e a tartaruga. Aquiles, o máis rápido dos gregos, participa nunha carreira fronte a unha tartaruga. Sendo a tartaruga tan lenta, Aquiles dálle uns metros de vantaxe. Mais, á hora de correr, non pode adiantar á tartaruga, porque cada vez que chega a onde esta se atopaba, a tartaruga xa avanzou algo por pouco que sexa, e así unha e outra vez.

2. 3. AS EXPLICACIÓNS PLURALISTAS DA REALIDADE.

As propostas que coñecemos como monistas coincidían en considerar que a realidade en toda a súa complexidade estaba causada por un único principio. Non obstante, a partir das reflexións de Parménides, os filósofos esforzáronse por conciliar o aparente cambio das cousas coas ideas do eléata sobre a inmutabilidade do ser. Deste esforzo xurdiron as filosofías coñecidas como pluralistas, que consideraban que o *arqhé* era múltiple, é dicir, que había varios principios orixinarios que eran inmutables mais que, combinados entre si, daban lugar á aparente multiplicidade das cousas, así coma ao cambio.

Empédocles considerou que a realidade aparente era froito da combinación de catro **raíces** ou elementos orixinarios: auga, aire, terra e lume. Ademais, para explicar como era posible que os elementos se combinasen ou cal era a razón de que se combinasen, propuxo a existencia de dúas **forzas** de atracción e repulsión que levaban ás raíces a unirse ou separarse. A estas forzas chamounas Amor e Odio ou Discordia.

Anaxágoras pensaba que todas as cousas estaban formadas de partículas elementais infinitamente pequenas que chamaba “**sementes**” (*spermata*). En calquera cousa había sementes de todas as demais cousas, asínda que en distintas proporcións: deste xeito, o ser era único (porque todo está composto polas sementes) pero o cambio era posible. Igual ca Empédocles, Anaxágoras tamén tratou de responder á cuestión de como ou por que se combinaban as sementes: para este filósofo, unha **intelixencia** cósmica (*Nous*) animaba as cousas, gobernaba as sementes e as súas combinacións dando lugar á realidade.

Por último, **Leucipo e Demócrito** propuxeron unha teoría atomista que explicase a realidade. De acordo coas teorías parmenídeas, o Ser é, e o Non-Ser non é nin pode pensarse. Pois ben, os atomistas interpretaron ese ser, a única realidade, como unha infinidade de partículas materiais diminutas, eternas e indivisibles (**átomos**) que se combinaban para dar lugar a todas as cousas; e o non-ser, como **baleiro** no que se movían os átomos. Deste xeito tanto o ser coma o non-ser tiñan algún tipo de existencia, xa que o non-ser era o baleiro que permitía que existisen o movemento e o cambio. Esta idea foi moi innovadora, xa que o baleiro, a ausencia de materia, era difícil de concibir para a mentalidade grega.

Segundo a teoría de Leucipo e Demócrito, os átomos móvense no baleiro e colisionan entre si dando lugar a combinacións diversas que producen a nosa realidade aparente. Non existe ningún proceso que non sexa produto do movemento e interacción dos átomos: tanto os corpos coma as almas están compostos de átomos; podemos percibir as cousas porque os seus átomos impactan coa nosa alma a través dos sentidos; a xeración e a corrupción non son nada máis cá combinación e a separación dos átomos. A realidade, en definitiva, é estritamente material e a combinación dos átomos non responde a ningunha forza nin intelixencia coma no caso de Empédocles e Anaxágoras.

Leucipo y su colega Demócrito dicen que son elementos lo Pleno y lo Vacío, a uno de los cuales llaman Ente, y al otro, No-ente; y, de éstos, piensan que lo Pleno y Sólido es el Ente, y lo Vacío, el No-ente (por lo cual dicen también que el Ente no es en mayor medida que el No-ente, porque tampoco el Cuerpo es en mayor medida que lo Vacío), y que éstas son las causas materiales de los entes.

Aristóteles, *Metafísica*.

3. O XIRO ANTROPOLÓXICO DA FILOSOFÍA.

3. 1. A SOFÍSTICA.

3. 1. 1. Quen eran os sofistas?

Alén das súas diferenzas, os filósofos presocráticos compartían un mesmo interese por comprender a natureza, as causas ou principios da realidade. Pero no século V a. C. producíronse algunhas transformacións na cultura e na filosofía gregas que darían lugar a un desprazamento do interese dos filósofos dende o ámbito da natureza ao do ser humano. A **democracia** ateniense trouxo consigo o florecemento dunha cultura de intercambio de ideas e de deliberación sobre os asuntos públicos. A palabra converteuse nunha poderosa ferramenta na política de Atenas, e intelectuais de todo o mundo grego acudiron a esta cidade para ensinar **retórica** aos mozos das clases altas. Estes mestres chamáronse **sofistas**, é dicir, expertos na sabedoría.

Os sofistas considerábanse mestres da virtude (*areté*), entendida por eles coma a excelencia na deliberación pública e no desempeño da política. Ensinaban aos seus estudantes como empregar a palabra para convencer aos demais e para acadar prestixio e fama na vida política ateniense. Para eles, a retórica era a arte de empregar a palabra para lograr os propios fins, é dicir, a arte de defender con argumentos calquera postura independentemente do seu contido.

ESTREPSÍADES. Eso es el «caviladero» de los espíritus selectos. Ahí viven unos hombres que, al hablar del cielo, tratan de convencerte de que es una tapadera de horno, y de que está alrededor de nosotros, que somos los carbones. Si se les paga, ellos te enseñan a ganar pleiteando todas las causas, las justas y las injustas.

Aristófanes, *Las nubes*.

3. 1. 2. *Fisis e nomos*.

De acordo co ambiente da Atenas democrática e coa súa propia concepción da palabra como fundamentalmente unha ferramenta política, os sofistas non se preocuparon, coma os presocráticos, pola natureza, senón que se interesaron máis polos asuntos humanos: a vida humana e a relación cos demais, a organización da cidade, as leis. Por

iso adoitamos dicir que coa sofística se produce un **xiro antropolóxico** na filosofía, é dicir, un desprazamento da reflexión cara ás cuestións humanas, éticas e políticas.

Dito doutra maneira, os sofistas abandonaron o ámbito da *fisis*, é dicir, da natureza, da totalidade da realidade gobernada por leis necesarias, para ocuparse da esfera do *nomos*, das leis humanas que xa non son necesarias senón continxentes, dependentes do momento e o lugar no que son creadas. A lei humana non ten un valor absoluto senón relativo: o que está ben segundo as leis dunha sociedade pode ser considerado un crime terrible noutra sociedade distinta.

3. 1. 3. Relativismo moral e escepticismo.

De acordo con estas reflexións sobre a conduta e a lei humanas, os sofistas mantiveron posturas que podemos identificar co relativismo moral e o escepticismo. O **relativismo moral** é a consideración de que non é posible establecer normas morais absolutas, senón que estas sempre son relativas á sociedade que as crea, ao seu contexto. Por este motivo, non existe un conxunto de normas que sexa válido para todos os seres humanos, é dicir, non é posible unha moral universal. Protágoras de Abdera, un dos sofistas máis célebres, expresaba resumía a súa posición relativista na afirmación de que “o home é a medida de todas as cousas”.

O **escepticismo**, pola súa banda, é unha postura ante o coñecemento que nega a existencia da verdade ou, polo menos, a posibilidade de coñecela no caso de existir algunha. O sofista Gorxias de Leontinos dedicou unha das súas obras, *Sobre a Natureza ou o Non-Ser*, a defender que nada existe, que se algo existise non podería ser pensado, e que mesmo se puidese ser pensado non podería ser comunicado. Deste xeito, considerando imposible a captación da verdade pola palabra, esta convértese na ferramenta política que os sofistas trataban de perfeccionar mediante a arte retórica.

3. 2. SÓCRATES.

3. 2. 1. O diálogo como procura da verdade.

Aínda que Sócrates non puxo a súa filosofía por escrito, coñecemos o seu pensamento

a través da obra doutros autores coma o seu discípulo Platón. A través destes testemuños podemos observar que a actitude de Sócrates era oposta á dos sofistas: mentres que estes se consideraban expertos na sabedoría e mestres da virtude, Sócrates non se vía a si mesmo coma un sabio, senón como unha persoa que, aínda sendo ignorante, procuraba a sabedoría incansablemente. Esta actitude resúmese na afirmación, atribuída a este filósofo ateniense, de que “Só sei que non sei nada”.

Esta actitude, non de sabio (*sofós*) senón de amigo ou amante da sabedoría, é a propiamente filosófica. De acordo con isto, Sócrates consideraba que non posuía un saber que puidese ensinar e polo cal cobrar aos seus discípulos, como facían os sofistas, senón que dedicaba os seus esforzos a conversar con todo aquel que así o desexase para procurar o saber. Xa non se trataba de dialogar para procurar o éxito social e a fama, como ocorría coa arte retórica, senón que Sócrates considerou o diálogo coma o lugar da procura da verdade. Na súa *Aploxía de Sócrates*, Platón presenta ao seu mestre defendéndose así das acusacións que o levaron a ser condenado a morte:

En efecto, quienes asisten accidentalmente a alguna de mis tertulias se imaginan quizá que yo presumo de ser sabio en aquellas cuestiones en que someto a examen a los otros, pero, en realidad, sólo el dios es sabio, y lo que quiere decir el oráculo es sólo que la sabiduría humana poco o nada vale ante su sabiduría. Y si me ha puesto a mí como modelo es porque se ha servido de mi nombre como para poner un ejemplo, como si dijera: Entre vosotros es el más sabio, ¡oh hombres!, aquél que como Sócrates ha caído en la cuenta de que en verdad su sabiduría no es nada. Por eso, sencillamente, voy de acá para allá, investigando en todos los que me parecen sabios, siguiendo la indicación del dios, para ver si encuentro una satisfacción a su enigma, ya sean ciudadanos atenienses o extranjeros.

Platón, *Apología de Sócrates*.

Segundo o ateniense, recoñecer a ignorancia é preciso para poder buscar o saber, ao contrario do que facían os sofistas que empregaban a retórica para convencer aos demais da súa sabedoría. Por iso Sócrates propuxo unha forma de diálogo filosófico,

coñecida como **diálogo socrático**, que constaba de dúas partes: a ironía e a maiéutica.

O obxectivo da **ironía** era obrigir ao seu interlocutor a recoñecer a súa propia ignorancia. Sócrates comezaba dicindo que non sabía nada do tema en cuestión, así que preguntaba sobre os seus coñecementos a algunha outra persoa que dicía saber. Na súa procura da verdade, Sócrates trataba de atopar definicións precisas de conceptos coma a virtude ou a xustiza, e facía preguntas sobre estes ao seu interlocutor. Este, convencido da súa sabedoría, contestaba facendo uso dos recursos retóricos dos sofistas, mais o cuestionamento de Sócrates continuaba e ía aumentando en dificultade ata que o interlocutor se vía forzado a admitir que non sabía tanto como cría saber.

O recoñecemento da propia ignorancia por parte do seu interlocutor era o punto de partida da segunda fase do diálogo socrático. Mediante a **maiéutica**, Sócrates continuaba facendo preguntas, pero esta vez para guiar ao seu interlocutor na procura da verdade, é dicir, entendendo agora o diálogo coma o lugar da investigación filosófica, un camiño para a busca compartida do saber.

3. 2. 2. O universalismo moral.

A través do diálogo, Sócrates buscaba a definición universal de conceptos, especialmente de aqueles que tiñan que ver coas cuestións morais e políticas. Por iso, non só se opoñía ao escepticismo sofista que negaba a existencia da verdade, senón que tamén era contrario ao relativismo moral. Para Sócrates, os conceptos morais eran universais, e o feito de que a súa definición variase para cada persoa ou cada sociedade non significaba que fosen relativos. Esta variedade de opinións era causada simplemente pola ignorancia das persoas. Por iso, defendía que mediante o diálogo era posible desfacernos das nosas falsas opinión sobre as cousas e avanzarmos na procura do ben, do moralmente correcto, xa que este era único, absoluto e cognoscible. Esta postura, oposta ao relativismo de Protágoras, coñécese como **universalismo moral**.

O coñecemento deses conceptos morais universais, ademais, levaríanos a actuar de acordo con eles. É dicir, se as persoas non actuamos ben é porque non sabemos que é o

correcto, e pensamos que estamos a comportarnos moralmente cando en realidade non é así. Segundo Sócrates todos buscamos o mellor coas nosas accións; ningún actúa mal a propósito senón só como consecuencia da súa ignorancia sobre o ben. Esta postura recibe o nome de **intelectualismo moral** e, de acordo con ela, o diálogo, a filosofía, é importante non só para levarnos á verdade senón tamén para achegarnos ao ben.